

## Reportaxe

## REPÚBLICA DEMOCRÁTICA DO CONGO

## A maldición dos nenos bruxos

'Neno bruxo'. Esta expresión designa unha realidade dramática. As repetidas guerras e a miseria que abrumba o país impulsan ás veces ás familias a acusar os nenos de actos de bruxería. Se non poden ser exorcizados por sacerdotes autoproclamados, son expulsados da casa ou ás veces mallan neles ata a morte. Encontro con estes nenos cabeza de turco nas rúas de Kinshasa

Texto e fotos

Olivier de Pins e Glen Recourt

A primeira vista, estes nenos acollidos pola Comunidade do Novo Camiño, unha asociación humanitaria católica, son nenos como calquera outros. Xogan, peléxanse e ven a televisión. Porén necesítase falar pouco tempo con algún deles para sentir que xa son homes. A vida ata agora non foi doada.

A poboación témeos: son nenos-bruxo. As estimacións falan de 25.000 nenos da rúa na capital. O 70% deles son *Ndoki*, meigos. Cando un maior morre, a familia pode acusar un dos nenos de matalo. Ra-

pidamente hai "sinais" que veñen confirmar estas acusacións: o neno axítase ou está sucio. A solución é radical: o neno pode ser expulsado da casa, exorcizado ou mesmo mallado ata morrer como pasou no noreste do país. Acusar a un neno de bruxería é un novo fenómeno no Congo. "Antes eran os anciáns os que tiñan a reputación de ter poderes" destaca Martin, animador no centro. As familias que teñen medios económicos recorren a un exorcista. Igrexas evanxelistas, que pululan sobre todo o continente, acóllenos cos brazos abertos. Un exorcismo moi brutal: torturouse un neno ata a morte en setembro en Kinshasa. Ás veces os pastores din non conseguiron liberar o neno posuído. Entón é rexeitado pola familia e encóntrase na rúa. É o caso de Steve. O ollo malévolo, curioso por todo, frecuenta o centro desde hai dous meses. Ós 15 anos, xa pasou tres na rúa no barrio da rotonda de Ngaba. Zona moi popular de Kinshasa, onde a miseria é o pan de todos os días. As casas están estragadas, as rúas cheas de xente que non ten traballo. Cada un loita por sobrevivir. Difícil entón interesarse polo destino dun neno da rúa.

Pola mañá, Steve axuda ás 'Nais' a instalar as mercadorías no mercado. Recolle tamén do chan anacos de carbón que tenta revender despois. Sobrevivir, simplemente. Despois da morte do seu pai, este neno demasiado "turbulento" foi enviado unha igrexa evanxalista. A súa familia considera que é responsable desa morte. Despois de tres meses de exorcismo, Steve foxe. Xúntase entón con outros nenos da rúa. Comeza un diario de violencia extrema. As cicatrices sobre os seus corpos dar testemuñas destas noites de horror. O centro acólleos só en día. Pola noite, volven saír para o inferno. Os 5 animadores profesionais do centro, todo congolese, viven esta saída como un esgazamento. "Porén, se nos encargamos completamente deles, as súas familias non quixerán nunca acollelos outra vez" explica Martin.

#### As guerras provocaron tres millóns de mortos en 5 anos


Desde Europa, estas acusacións poden parecer irracionais. Porén, no Congo non é un pretexto para ter unha boca menos que alimentar. A bruxería está moi ancorada na mentalidade dos seus habitantes. Este fenómeno xurdiu a finais dos anos 90, especialmente coa guerra entre 1998 e 2003. Un conflito que provocou máis de tres millóns de mortes e afundiou o país na inestabilidade e na pobreza. As xeracións mozas son as súas primeiras vítimas e algúns encontráronse sobre o campo de batalla.

A sociedade congolese perde entón os seus sinais de identidade máis tradicionais. E como destaca Filip de Boeck, universitario belga especialista nesta cuestión, os congolese, ante os traumatismos nados da guerra, a fame e a sida, tenden a crer nun mundo imaxinario: "este outro universo, chamado segundo mundo".




DOUS NENOS BRUXOS NAS RÚAS DE KINSHASA

RETRATO DUN NENO ACUSADO DE SER MEIGO



REFUXIO DOS CATIVOS NA CAPITAL DO CONGO



Reportaxe

O día a día destes nenos é un calvario. Os nenos bruxos, que teñen entre 8 e 15 anos, chegan ó centro pola mañá cara ás 10. Coa cara marcada, bótanse nun banco e dormen. “Se os deixásemos así, durmirían 48 horas polo tanto, cada noite é unha proba” insiste Fanny, que se ocupa dos cursos de alfabetización no centro. Aquí, estes pequenos están en seguridade ó contrario que na rúa. A rúa é un lugar coas súas normas e os seus xefes. Os maiores cobran un imposto co fin de deixar o neno durmir en paz. No caso contrario, non só os adultos lles pegan senón que tamén o fan os policías do barrio.

A asociación só acolle rapaces, aínda que as cativas son igualmente numerosas nas rúas.

Cada mañá, os nenos lánzanse, limpan a súa roupa. Chegan a continuación os xogos, antes do curso de alfabetización, “obrigatorio para ter unha comida despois”. Cara ás 5 da tarde, volven ó mercado do barrio. Teñen entón que armarse de valor. Para se protexer, deambulan en grupos, en “corte” como se di no Congo. A maioría teñen tatuaxes. Os seus propios nomes, os das súas noivas están marcados sobre os seus corpos. Moi a miúdo fuman drogas para resistir. Abonda con acompañalos no seu universo para ver as súas olladas cambiar. Xa non son nenos senón homes. Algúns chegan mesmo a reivindicar o feito de ser bruxos. Desta maneira, son temidos. Steve manifesta o contrario. Os meigos danlle medo.

Á espera da reconciliación coas familias

Este fenómeno dos nenos meigos é unha bomba de efecto retardado. Raras son as asociacións presentes para desactivalo. A maioría destes nenos deben apanarse por si mesmos. A súa vida sexual dinamízase. Fanny garante que “todos xa tiveron parella, tanto homes como mulleres, da súa idade ou non, consentida ou non”. Ás veces os máis grandes víolanos como acto para marcar a submisión. Ademais da sida, as consecuencias son terribles. Os máis vellos fundan as súas propias familias na rúa e teñen nenos á volta. A esperanza de vida destes pequenos nenos bruxos é moi limitada. Este círculo vicioso fai que o número de Ndoki non deixe de medrar. Para frealo, a comunidade ten tamén que tentar cambiar as mentalidades, reconstruír o vínculo coas familias.

Cando un mozo chega ó centro comeza para os animadores un verdadeiro traballo de investigación. Martin e os outros tentan convencer á familia de que os sinais de posesión son simples testemuños de desamparo, psicolóxicamente explicables. “Ó neno que ouriña na cama a unha idade tardía é acusado de ser meigo. Pero despois da morte dun dos pais, é unha reacción normal, para expresar un malestar”, analiza Martin. En 9 meses de existencia, a comunidade reintegró deste modo 60 rapaces nos seus fogares. E fai un seguimento de todos os nenos

DOUS DOS CATIVOS ABANDONADOS POLAS SÚAS FAMILIAS, QUE OS CONSIDERAN BRUXOS



STEVE COA SÚA NAI



MARTIN, Á ESQUERDA, E ARNOLD, CON DOUS NENOS



CATIVO Ó QUE TODOS LLE CHAMAN KABILA POLO SEU PARECIDO CO PRESIDENTE CONGOLÉS



OS PÍCAROSS SOBREVIVEN XUNTOS NA RÚA



OS NENOS XOGAN NO CENTRO DE ACOLLIDA

e garántelles a escolarización. Os membros do centro encontraron hai pouco a nai de Steve. Danse reencontros calorosos, pero non idílicos. “Non tiven máis noticias de Steve durante tres meses”. “Antes cruzabámonos no mercado,

podía ver que aínda estaba vivo”, explica. O traballo da comunidade é inmenso para que a familia e o neno se encontren. A miúdo, o problema é o diñeiro. A asociación daralle unha garantía de alugueiro á nai de Steve e ó seu novo home.

Sen iso, o adolescente non poderá encontrar un fogar. A súa madrastra négase a acoller este ‘parasito’. Hoxe Steve non quere falar do que vive na rúa. De novo escolarizado, “é o mellor da súa clase”. “Ten realmente desexo de saír adiante por si

mesmo”, indica a Fanny. Dentro de pouco pasará ó colexio. Steve ten aínda a esperanza de deixar a rúa. As cicatrices que cobren o seu lombo serán doadas de ocultar. Os danos psicolóxicos serán moito máis difíciles de curar.